



.....

**IN SITU Encuentros Monográficos
co Patrimonio Cultural**

Ponte...nas ondas!

**Boas prácticas do patrimonio
inmaterial**

.....

Edificio Francisco Sánchez (Área Panorámica)

Tui

18 de abril de 2023

40 anos coa cultura galega



Os Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural son unha iniciativa levada a cabo pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega (CCG) que comezou en novembro de 2015. Teñen como obxectivo xerar un espazo de difusión, debate, encontro e coñecemento arredor de diferentes proxectos que afectan ao patrimonio cultural, en xeral, e que moitas veces non chegan a un público amplo por diferentes motivos. Os protagonistas dos encontros son a sociedade, o elemento patrimonial, o debate e a reflexión. Os encontros centráronse ata o de agora en proxectos de arqueoloxía, rehabilitación, arquitectura, historia da arte e mesmo en enfoques interdisciplinarios, pero tamén na xestión patrimonial, na divulgación do patrimonio, na participación cidadá e incluso no conflito patrimonial (en patrimonios esquecidos e vivos, materiais e inmateriais, amigables ou conflictivos; nas políticas patrimoniais, nos encontros e des-encontros).

En 2018 puxemos en marcha o programa In Situ, que traslada a difusión e reflexión ao contexto xeográfico e social dos bens en que se centra cada encontro, para analizar *in situ* as realidades patrimoniais. Este programa quere contribuír a evidenciar a necesidade desa análise, pero tamén a crear outros lugares de reflexión fóra do seu habitual espazo de elaboración, a sede do CCG en Santiago de Compostela.

Este In Situ pretende valorizar e divulgar a experiencia de Ponte...nas ondas! (PNO!), que recolle os valores da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, nun ano en que se está a celebrar o seu 20º aniversario. PNO! ten como obxectivos a preservación, a difusión e a transmisión deste patrimonio inmaterial común entre Galicia e Portugal a través de actividades diversas, mais tamén mediante a construción dunha rede social e institucional que busque o recoñecemento e a afirmación do patrimonio inmaterial galego-portugués no mundo. Por todo isto, en 2022 PNO! foi inscrito no Rexistro de Boas Prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO.

Programa

19:00 horas

Presentación

Rebeca Blanco-Rotea, coordinadora
da Sección de Patrimonio e Bens
Culturais do CCG
Santiago Veloso, Ponte...nas ondas!

19:15 horas

*O proxecto Ponte...nas ondas!:
Cando? Que? Por que? Como?*

Santiago Veloso, Ponte...nas ondas!

19:30 horas

*A candidatura ao Rexistro de Boas
Prácticas do Patrimonio Inmaterial
da UNESCO. As claves do
recoñecemento desta práctica*

Álvaro Campelo, Universidade
Fernando Pessoa do Porto

20:00 horas

*O patrimonio inmaterial nos espazos
fronteirizos*

Xerardo Pereiro, Universidade de
Trás-os-Montes e Alto Douro

20:30 horas

Mesa redonda: *O futuro dun proxecto
compartido*

Presenta: **María Xosé Porteiro**

Participan: **Santiago Veloso, Álvaro
Campelo e Xerardo Pereiro**

21:00 horas

Remate da xornada

Organiza

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

Colabora

Concello de Tui
Ponte...nas ondas!

Coordina

Rebeca Blanco-Rotea
Santiago Veloso

Lugar

Edificio Francisco Sánchez (Área Panorámica)
Tui

Inscripción

A entrada é libre e gratuíta ata completar a capacidade da sala.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:



Colabora:

